



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Prazos presentación axudas Acción Social 2011

Lembrámosvos que este ano se cambiaron os prazos para presentar a solicitude de determinadas axudas de Acción Social. Para algunha destas axudas ("Desarrollo educativo" e "Estudio y cualificación de los empleados") o **prazo comeza xa o 15 DE ABRIL** e, ademais, remata moito antes que normalmente (ao 15 de MAIO)

Desde a CIG comprobamos que, a día de hoxe (7 de abril) , non está disponible na Intranet o novo Plan de Acción Social de 2011 polo que presentamos a correspondente queixa aos responsables en Madrid. Non é de recibo que, sabendo que o prazo se abre o día 15, os traballadores non poidan consultar os requisitos, documentación, etc necesaria para presentar as axudas.

Desde RRHH asegúranos que habilitarán a aplicación o día 11 de abril para que poidades consultar na Intranet o Plan de Acción Social de 2011 (a ruta é: "Intranet-Información al personal-Acción Social"), e así, nos días seguintes xa esté activada e poidades pedir as axudas a través da vosa Oficina Virtual.

Por outro lado presentamos queixa tamén porque, unha vez máis, os grandes esquecidos son os compañeiros de Vixilancia Aduaneira, xa que moitos non poden acceder á Intranet e a AEAT aínda non preparou as instancias para que se poidan presentar en papel, vía rexistro. Estamos á espera de que nos faciliten unhas copias para que todo aquel que por diversas circunstancias non poida presentar a instancia pola Intranet, poida presentala en papel. Achegamos, coa nota informativa, o Acordo de Acción Social para que poidades consultar, na páxina 2, os prazos de presentación das distintas axudas.

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com-WWW.CIGAEAT.COM